

“TEMOS QUE CONSTRUIR ENTRE TODOS UN MUNDO MELLOR, MÁIS SAUDABLE E SOSTIBLE, E DEBEMOS FACELO DESDE A UNIDADE, A PARTICIPACIÓN ACTIVA E A SOLIDARIEDADE”

- Así o manifestou en Onda Cero Galicia Francisco Peña Castiñeira, científico e un dos coordinadores do Simposio Internacional sobre Medio Ambiente e Saúde celebrado en Santiago de Compostela a finais do pasado mes de outubro, e que contou coa participación de destacadas personalidades do sector e centos de asistentes.
- Ao seu xuízo, con este evento contribuíuse a identificar os novos retos de futuro para a preservación da contorna, expoñendo os problemas prioritarios do noso planeta e forma de resolvelos.
- Móstrase convencido de que a protección do medio ambiente “é un tema de hoxe, non de mañá”.

Cerceda, a 19 de novembro 2015.- O Doutor Francisco Peña Castiñeira, un dos coordinadores do Simposio Internacional sobre Medio Ambiente e Saúde celebrado os pasados días 28 e 29 de outubro en Santiago de Compostela, e no que participou o Presidente de Sogama, Javier Domínguez Lino, fixo ante os micrófonos de Onda Cero Galicia un balance desta cita, á que cualificou de moi produtiva e altamente proveitosa, tanto para os relatores, na súa meirande parte destacadas personalidades do sector, como para os centos de asistentes.

Fundador do Programa Galego de Municipios Saudables e Sostibles 2000-2016 e Director dos Cursos de Saúde Ambiental, a súa tarefa neste evento foi compartida con Federico Mayor Zaragoza, Exdirector Xeral da Unesco e Presidente do Consello Científico da Fundación Ramón Areces, ademais de Presidente da Fundación Cultura de Paz en Madrid, téndose proposto entre ambos dar a coñecer a situación actual do medio ambiente a nivel mundial, así como o papel que deben cumprir as administracións, empresas e cidadáns na protección do mesmo .

Tal e como asegurou, para él foi unha honra e un privilexio levar a Galicia, da man da Fundación Ramón Areces, unha iniciativa coa que se contribuíu a identificar os novos retos de futuro para a preservación da contorna e as propostas de mellora, poñendo sobre a mesa, non só os problemas prioritarios que actualmente ten o noso planeta, senón como dar solución aos mesmos de forma global e conxunta.

FITOS DO 2015, PUNTO DE REFERENCIA

E para isto, o Simposio tomou como referencia o que, a xuízo de Francisco Peña, son os principais fitos deste ano 2015, isto é, os 17 obxectivos do desenvolvemento sostible, a Encíclica do Papa Francisco sobre o coidado desa casa común que é o medio ambiente e o próximo Cumio de París, que se espera logre resultados bastante máis positivos que os alcanzados no seu momento en Kioto.

A estrutura das xornadas pivotou en torno a tres grandes alicerces: a contribución da comunidade científica internacional á sostibilidade do planeta; a procura de cidades saudables e sostibles, evidenciando a importancia do transporte ecolóxico, o aire limpo, a loita contra o cambio climático, as enerxías alternativas e a mobilidade verde para minimizar os efectos do quentamento global; e a procura da saúde ambiental para todos, sendo este un dos grandes desafíos da humanidade para o século XXI.

Neste sentido, o experto puxo de relevo a necesidade de buscar a saúde ambiental e a dignidade para todos os seres humanos, esperando que, con esforzo, este desexo se convirta algún día en realidade.

Móstrase convencido de que o que non fagamos agora, vaise a pagar moi caro polas xeracións vindeiras. “É un tema de hoxe, non de mañá”. E por iso apelou á necesaria corresponsabilidade de toda a sociedade. “Temos que construír entre todos un mundo mellor, máis saudable e sostible, e debemos facelo desde a unidade, a participación activa e a solidariedade”, resolveu.

Saúdos, Departamento de Comunicación